

A Chave 

Os nomes galegos dos crustáceos

2020



Citación recomendada / Recommended citation:

A Chave (2020): *Os nomes galegos dos crustáceos*. Xinzo de Limia (Ourense): A Chave
http://www.achave.gal/wp-content/uploads/achave_osnomesgalegosdos_crustaceos.pdf

Fotografía: queimacasas (*Pachygrapsus marmoratus*). Autor: Piero Perrone.

Esta obra está suxeita a unha licenza Creative Commons de uso aberto, con recoñecemento da autoría e sen obra derivada nin usos comerciais.

Resumo da licenza: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>.

Notas introdutorias

O que contén este documento

Neste documento fornécense denominacións para **especies de crustáceos galegas (e) ou europeas**, aínda que tamén **para especies doutras latitudes relativamente coñecidas** (por estaren presentes nos medios de divulgación con certa frecuencia, polo seu interese científico, gastronómico, acuariófilo ou por outros diversos motivos).

En total, achégase o nome galego para **571 especies de crustáceos do mundo**: **142 presentes na xeografía galega e 429 doutras latitudes**.

A estrutura

En primeiro lugar preséntase unha **clasificación taxonómica** que considera as ordes, superfamilias e familias de crustáceos, onde se apunta, **de maneira xeral, os nomes das especies** que hai en cada familia.

A seguir vén **o corpo do documento**, unha listaxe onde se indica, **de maneira específica, alén do nome científico, os nomes galegos e ingleses dos crustáceos**. Nesta listaxe específica, destácanse con fondo azul claro **as especies galegas**. Destácanse como galegas mesmo especies que só se teñen atopado puntualmente en augas galegas, como por exemplo a **gamba manchada** (*Melicertus kerathurus*, =*Penaeus kerathurus*), o **caranguexo azul** (*Callinectes sapidus*) ou o **cempernas espiñento** (*Neolithodes grimaldi*).

Ao final inclúese unha lista de **referencias bibliográficas** que foron utilizadas para a elaboración do presente documento. Nalgunhas desas referencias recóllense ou propóñense nomes galegos para os crustáceos, quer xenéricos quer específicos. Outras referencias achegan nomes para os crustáceos noutras linguas, que tamén foron tidos en conta. Alén diso, na lista bibliográfica inclúense algunhas referencias básicas a respecto da metodoloxía e dos criterios terminolóxicos empregados.

Tratamento terminolóxico

A primeira cousa foi escollermos **caranguexo** como denominación xenérica recomendábel entre **caranguexo** e **cangrexo**. En galego úsase calquera un, **caranguexo** ou **cangrexo**, con moita frecuencia. Hai tamén outras formas menos habituais, como **cranguexo** e **cangarexo**. Na Chave dámoslle preferencia ao primeiro termo que mencionamos, **caranguexo**, por quedar así máis harmonizado co portugués, un criterio que favorece a aceptación e incorporación da terminoloxía por parte de moitos usuarios/as da lingua.

Para a elaboración do corpo do documento, o primeiro recurso foi o **léxico vernáculo galego**. Existe en galego unha montoeira de nomes para as especies de crustáceos, como xa se pode esperar por ter Galiza unha costa extensa e rica. Moitos deles son **nomes xenéricos**, como **arneirón** e **craca**, para especies da familia **Balanidae**: **araña do mar**, para especies das familias **Oregonídeos**, **Inaquídeos** e **Maxídeos** (superfamilia **Maxoídeos**); **camarón**, para moitas especies das superfamilias **Crangonoídeos**, **Pandalóídeos** e **Palemonídeos** (de maneira destacada, para *Palaemon serratus*); **lagostino**, para algunhas especies da familia **Nefropídeos** (de maneira particular, para *Nephrops norvegicus*); **gamba**, para as especies da familia **Peneídeos** (de maneira particular, para *Parapenaeus longirostris*); **lagosta**, para as especies da familia **Palinurídeos** (de maneira particular, para *Palinurus elephas*); **papulo**, que designa de maneira xenérica os crustáceos que parasitan os peixes, tamén chamados **piollos dos peixes** (de maneira particular, *Anilocra physodes*) etc.

Hai tamén en galego **nomes vernáculos específicos**, como **santiaguíño** para *Scyllarus arctus*, **carabineiro** para *Aristaeopsis edwardsiana*; **boi**, entre outros, para *Cancer pagurus*; **dormiñón** para *Atelecyclus undecimdentatus*; **gaiva** para *Calappa granulata*; **queimacasas** para o caranguexo *Pachygrapsus marmoratus*; **cranga**, **peludo** e **felpudo** para *Eriphia verrucosa* (= *Eriphia spinifrons*); **centola** para *Maja brachydactyla* (= *Maja gigantea*); **lumbrigante**, entre outros, para *Homarus gammarus*; **patexo**, entre outros, para *Polybius henslowii*; mesmo algúns nomes vernáculos con modificador como **saltón da area** e **saltón da praia** para *Talitrus saltator*; **pulga do mar** para *Gammarus locusta*; **pulga do cuberto** para *Corophium volutator*; **percebe do pau** e **percebe da madeira** para *Lepas anatifera*; **percebe da pedra**, **percebe da sombriza** e **percebe mexón**, entre outros, para *Pollicipes pollicipes*; **zapateiro peludo** para *Dromia personata* (= *Dromia vulgaris*) etc.

En **publicacións terminolóxicas e carcinolóxicas galegas** téñense achegado tamén nomes para algúns crustáceos, as máis das veces formados a partir de denominacións vernáculas, como **santiaguíño vermello** para *Scyllarides herklotsii*, **santiaguíño do Mediterráneo** para *Scyllarides latus*, **santiaguíño pequeno** para *Scyllarus pygmaeus*, **boi boreal** para *Cancer borealis*, **boi dentado** para *Cancer bellianus*, **lagosta de Mozambique** para *Palinurus gilchristi*, **lagosta do Cabo** para *Jasus lalandii*, **arneirón australiano** para *Austrominius modestus* (= *Elminius modestus*), **arneirón xigante** para *Austromegabalanus psittacus* (= *Megabalanus psittacus*), ou nomes xenéricos como **cempernas** para as especies das familias **Lithoididae** e **Homolidae** (cos específicos **cempernas** para *Paromola cuvieri* e **cempernas espiñento** para *Neolithodes grimaldi*). Os anteditos e outros con esta mesma procedencia inclúense neste recurso léxico.

Procurouse así mesmo na **lusofonía**, seguíndomos o criterio recollido nas *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* (RAG e ILG) do ano 2004: "Para o arriquecemento do léxico culto,



nomeadamente no referido aos ámbitos científico e técnico, **o portugués será considerado recurso fundamental**, sempre que esta adopción non for contraria ás características estruturais do galego”.

Deste xeito, incorporáronse ou adaptáronse algunhas denominacións xenéricas, como **carochas** para os decápodes do xénero *Munida*, **tatuciños** para os isópodes da familia **Armadilídeos**, **lagostas peludas** para as especies da familia **Sinaxídeos** ou **camaronciños** para as especies suramericanas do xénero *Potimirim*, por exemplo, e denominacións específicas, como **camarón riscado xigante** para *Plesionika williamsi*, **camarón lixo** para *Penaeus brasiliensis*, **camarón barbarruza** para *Artemisia longinaria*, **camarón rosado do sur** e **gamba de Angola** para *Penaeus notialis*, **gambón** para *Pleoticus muelleri*, **lagostino espiñoso** para *Acanthacaris tenuimana*, **caranguexo amarelo** e **caranguexo ladrón** para *Johngarthia lagostoma*, **caranguexo dos coqueiros** para *Birgus latro*, **caranguexo sangrador** para *Portunus sanguinolentus*, **caranguexo xudeu** para *Grapsus grapsus*, **catañón** para *Neohelice granulata* etc.

Por outro lado, para algunhas especies exóticas suramericanas recorreuse a nomes vernáculos indíxenas. Así, achéganse nomes que foron incorporados ao brasileiro a partir do tupí, como por exemplo **caxangá** (*Callinectes marginatus*, caranguexo da familia **Portunídeos**), **guaruzá** (caranguexos da familia **Ocipodídeos**), **guaiaimú** (*Cardisoma guanhumi*, caranguexo da familia **Xecarcinídeos**) etc., recollidos neste recurso léxico como sinónimos doutros nomes ou como nome principal, segundo as especies.

Para especies relativamente coñecidas, cando menos en ámbitos divulgativos da carcinoloxía, tomáronse para o galego as mesmas **denominacións que, coincidentes, se usan en diversos idiomas**. Así, por exemplo, nomes xenéricos como **camarón cágado** para as especies da familia **Triopsídeos** (notostráceos), ou nomes específicos como **caranguexo do Danubio** ou **lagostino do Danubio** para *Astacus leptodactylus*, **caranguexo nobre** ou **lagostino nobre** para *Astacus astacus*, **caranguexo de capacete** para *Corystes cassivelaunus*, **caranguexo gazami** (“gazami”, nome xaponés adoptado internacionalmente) para *Portunus trituberculatus*, **camarón soldado** para *Plesionika edwardsii*, **camarón frecha** para *Plesionika heterocarpus*, **camarón alamango** (adaptación de “alamang”, nome adoptado do tagalo internacionalmente) para a especie *Acetes sibogae*, **camarón tsivakhini** (“tsivakhini”, nome adoptado do malgaxe internacionalmente) para a especie *Acetes erythraeus*, **camaróns nailon** para as especies do xénero *Heterocarpus*, **ermitán areeiro** para *Diogenes pugilator* etc., que noutros idiomas teñen estes mesmos nomes ou modificadores.

Un caso particular é o de tres especies de **camaróns asiáticos**: *Acetes chinensis*, *Acetes serrulatus* e *Acetes intermedius*, moi parecidos entre eles e todos tres próximos na súa área de distribución, chamados en inglés, respectivamente, *northern mauxia shrimp*, *southern mauxia shrimp* e *Taiwan mauxia shrimp*. Estes nomes ingleses foron adoptados polo francés (*chevrette mauxia nordique*, *chevrette mauxia méridionale* etc.) e polo español (*camaroncillo mauxia norteño*, *camaroncillo mauxia sureño*..).

A denominación “mauxia” provén do chinés, aínda que orixinariamente a palabra é **maoxia**: o nome chinés para o camarón *Acetes chinensis* é **maoxia**, e igualmente é **Maoxia** o nome dunha rexión da illa de Hainan



(o nome chinés do camarón deriva do nome chinés desa rexión). De feito, tamén en inglés *Acetes chinensis* recibiu os nomes *northern maoxia shrimp* e *northern Maoxia shrimp*, aínda que despois popularizouse nos ámbitos divulgativos coa variante *mauxia*, usouse esta mesma denominación (“mauxia”) para as outras dúas especies de *Acetes* e así mesmo foi calcado polo francés e polo español.

Na adopción e adaptación para o galego que fixemos na Chave procuramos a consonancia co inglés, o francés e o español, mais respectando o nome orixinal chinés de *Acetes chinensis* (**maoxia**), que é o mesmo nome que o da rexión de Hainan (**Maoxia**). Por tanto, en galego, con toda a propiedade: **camarón maoxia do norte** para *Acetes chinensis*, **camarón maoxia do sur** para *Acetes serrulatus* e **camarón maoxia de Taiwán** para *Acetes intermedius*.

Nesta mesma liña, a adopción internacional dos nomes xaponeses dos camaróns *Metapenaeus moyebi* (chamado **mo ebi** en xaponés) e *Metapenaeus joyneri* (chamado **siba ebi** ou **shiba ebi** en xaponés), tamén con adaptacións diferentes segundo a lingua. Así, por exemplo, en inglés o camarón *Metapenaeus moyebi* recibe o nome *moyebi shrimp*, e o camarón *Metapenaeus joyneri* os nomes *siba shrimp* ou *shiba shrimp*. En galego, tomando os nomes orixinais xaponeses: **camarón moebi** para *Metapenaeus moyebi* e **camarón sibaebi** para *Metapenaeus joyneri*. O mesmo criterio para a denominación galega do **camarón botanebi**, *Pandalus hypsinotus* (**botan ebi**, en xaponés).

Un outro recurso que se ten usado na carcinoloxía galega e portuguesa é recorrer á **taxonomía científica, en latín**, de modo paralelo ás denominacións desas especies noutras linguas. Deste xeito, por exemplo, nomes xenéricos como os dos **xerións** (do xénero latino *Geryon*, referido ao personaxe mitolóxico), as **dafnias** (xénero *Daphia*), os **ciclopes** (familia **Ciclopídeos**) ou os **aselos** (familia **Aselídeos**), algúns xa propostos para a terminoloxía zoolóxica galega ou recollidos nos dicionarios. Así mesmo, nomes concretos de especies procedentes dos **nomes científicos**, como **pirimela** para *Pirimela denticulata*, ou algúns modificadores de nomes específicos como **camarón de rabo negro** para *Crangon nigricauda*, **caranguexo armado** para *Portunus armatus*, **caranguexo de hastas** para *Portunus hastatus*, **navalleira de Zariquiey** para *Liocarcinus zariquieyi*, **lagosta magnífica** para *Palibythus magnificus* etc.

Finalmente, adoptamos para o galego o nome inglés *thumbnail crab* (“caranguexo uña do polgar”) para *Thia scutellata* como **escachapiollos** ou **caranguexo escachapiollos**. *Thia scutellata* é o único caranguexo existente do xénero *Thia*, e ten unha particularísima forma e tamaño que o fan moi semellante á uña dun dedo polgar, como ben apunta o nome inglés. Para esta uña, a tradición retranqueira galega dá o uso de escachar os piollos, e son tamén escachapiollos e matapiollos nomes populares do dedo polgar, que usaría o tento do dedo e a uña para escachalos.

Especies con máis dun nome

No que atinxe aos nomes dos crustáceos, a lingua galega ten moita riqueza e diversidade na súa tradición, para alén de se teren engadido denominacións no ámbito carcinolóxico galego especializado. Por iso, ás veces hai máis dun nome para unha única especie.

Así, por exemplo, o caranguexo *Polybius henslowii* ten en galego os nomes vernáculos de **patexo**, **pateiro**, **patelo**, **patilado**, **patilao**, **patulate**, **patulato** e **pataludo**. Ou, nun ámbito máis especializado, a gamba *Aristaeomorpha foliacea* é nomeada en galego **gamba vermella** e tamén **gamba púrpura**.

Todos os nomes achegados neste documento son considerados correctos para as especies en que se indican, pódese usar calquera deles. Recoméndase, no entanto, o primeiro nome como preferente. O seguinte –ou seguintes– aparecen marcados coa abreviatura **sin.**, que indica que son **sinónimos** do primeiro, que sería o principal, de acordo cos criterios da Chave.

Nos exemplos dados, os nomes preferentes serían, respectivamente, **patexo** e **gamba vermella**. No caso de **patexo**, este é o nome máis coñecido para *Polybius henslowii* (mesmo existen denominacións formadas a partir deste nome: **patexeira**, para a rede con que se pesca; **patexeiro** ou **patexeira**, para a persoa que pesca **patexos**). No caso de *Aristaeomorpha foliacea*, **gamba vermella** é así mesmo o nome máis usado en galego para a dita especie. Non obstante, como xa se comentou, todos eles son correctos e dependería do contexto e do criterio de cada persoa usar un ou outro nome, ou facer referencia a máis dun deles.

O mesmo nome para varias especies

En galego, do mesmo modo que acontece en todas as linguas do mundo, un mesmo nome é usado para varias especies da fauna ou da flora. Canto aos crustáceos, un exemplo sería o vernáculo **matahomes**, que pode facer referencia a dúas especies diferentes de caranguexos: *Pachygrapsus marmoratus* (**Grapsídeos**) e *Eriphia verrucosa* (**Erifídeos**).

Neste caso, ademais de **matahomes**, existen outros nomes galegos para cada unha destas especies. Para ambas as dúas, A Chave recomenda como nome galego principal outro diferente de **matahomes**: **queimacasas** como denominación preferente para *Pachygrapsus marmoratus* e **cranga** como nome primeiro para *Eriphia verrucosa*. Ademais, **queimacasas** e **cranga** son máis coñecidos como nomes destes caranguexos que **matahomes**. **Matahomes** preséntase como denominación secundaria sinónima dos nomes anteriores, nas respectivas especies.

Castelanismos: *quisquilla

Rexeitouse o nome **quisquilla*, característica e exclusivamente castelán. É unha palabra bastante xenérica, que a Real Academia Española remite no seu dicionario a *camarón*. Úsase en castelán ás veces para facer referencia a crustáceos dos xéneros *Crangon*, *Palaemon* ou *Plesionika*, este último nomeadamente no ámbito gastronómico (*Plesionika edwardsii*, por exemplo, é coñecida como *quisquilla de Motril*). Non obstante, todas esas especies teñen tamén no castelán de España outros nomes formados co termo *camarón*, e no castelán de Latinoamérica son preferentemente coñecidas como *camarones*.

En galego, tense empregado **quisquilla* de modo moi xenérico, como equivalente da palabra castelán *quisquilla*, cando esta tamén é usada en castelán xenericamente. Alén diso, dunha maneira máis específica, copiando o castelán, introdúcese ás veces en galego para facer referencia aos crustáceos do xénero *Crangon*, ou a algunha das especies que en castelán, no ámbito gastronómico, tamén é chamada *quisquilla*.

Cando o nome *quisquilla* é usado en castelán dun modo xenérico, sen máis especificación, a correspondencia propiamente galega é **camarón**. Así, por exemplo, un contexto como *Hoy he comido quisquillas* ten a equivalencia en galego: **Hoxe comín camaróns**.

Cando en castelán se fai referencia a *Crangon crangon*, coñecido especificamente como *quisquilla gris* o *quisquilla de arena*, a correspondencia galega é **camarón da area**. En castelán tamén recibe os nomes de *camarón gris*, *gamba gris*, *camarón de arena*, *gamba de arena* ou *esquila de arena*. Pola súa vez, en galego ten outros nomes tamén: **camarón do limpo**, **camarón do río**, **camarón bravo**, **esquí da area**, **esquila areeira**, **areeiro** etc. Os **camaróns da area** son popularmente apreciados na gastronomía dos Países Baixos e do norte da Alemaña.

No ámbito ibérico, as **quisquillas* que se preparan na cociña son tipicamente as especies do xénero *Plesionika*:

.- *Plesionika heterocarpus* (ademais de *quisquilla*, tamén é coñecida en castelán como *camarón flecha*),

.- *Plesionika edwardsii* (en castelán: *quisquilla de Motril*, ademais de *camarón soldado*),

.- *Plesionika martia* (en castelán tamén é coñecida como *camarón marcial*)

.- e *Plesionika narval* (en castelán tamén é coñecida como *camarón narval*).

Os nomes galegos correspondentes son, respectivamente: **camarón frecha**, **camarón soldado**, **camarón dourado** e **camarón narval**. Así, por exemplo, un contexto como *En el mercado hay a la venta: gambas, cigalas y quisquillas de Motril* ten a correspondencia en galego: **No mercado hai a vender: gambas, lagostinos e camaróns soldado**.

Con menor frecuencia, en castelán úsase tamén *quisquilla* para facer referencia a outras especies, como *Palaemon serratus*, que en galego é a especie prototípica da denominación **camarón** (se se quixer especificar máis, ten ademais as denominacións galegas de **camarón común** e **camarón manso**), ou tamén a *Alpheus glaber*, en castelán *quisquilla de pinzas*, que en galego recibe o nome de **camarón de bocas**.

Castelanismos: *cigala e... falsas semellanzas: lagostino en galego e langostino en castelán

Por un lado, a palabra *cigala, que en castelán fai referencia á especie *Nephrops norvegicus*, non existe na tradición lexicográfica galega até hai relativamente ben pouco tempo. O nome propiamente galego para *Nephrops norvegicus* é **lagostino**. Ou sexa, a enunciación castelá *Hoy vamos a pedir cigalas* correspóndese en galego con: **Hoxe imos pedir lagostinos**. Se a palabra *cigala se ten incorporado en tempos recentes ao galego para denominar esta especie é por causa da omnipresenza cultural e lingüística do castelán, que leva a unha situación de asimilación lingüística en detrimento do galego.

Por outro lado, a existencia da dita asimilación lingüística e mais a semellanza formal entre a palabra castelá *langostino* e a palabra galega **lagostino** fai que en galego se tenda a usar **lagostino** co significado que *langostino* ten en castelán, que non é o mesmo que o que significa **lagostino** en galego. En castelán, a palabra *langostino* úsase para nomear as especies de crustáceos da suborde **Dendobranchiata**, caracteristicamente as dos xéneros *Penaeus* e *Litopenaeus* (familia **Penaeidae**, superfamilia **Penaeoidea**). En galego, para nomear esas especies úsase a palabra **camarón** (como xa dixemos, **lagostino** en galego designa *Nephrops norvegicus* ou outras especies do xénero *Nephrops*). Deste xeito, a enunciación castelá *langostinos crudos y langostinos cocidos* ten en galego a equivalencia **camaróns crus e camaróns cocidos**.

Non obstante, os contextos onde se fixer referencia a varias destas especies a un tempo poden presentar dúbidas de uso. Por exemplo, o enunciado castelán *Han comido cigalas y langostinos* ten a correspondencia en galego, coa mesma orde sintáctica: **Comeron lagostinos e camaróns**. A diferenza semántica importante entre o **lagostino** galego e o *langostino* castelán é que o que se chama en galego **lagostino** sempre ten tenaces ou bocas e o que se chama *langostino* en castelán nunca ten tenaces ou bocas:

	castelán	galego
- <i>Nephrops norvegicus</i> e outras especies do xénero <i>Nephrops</i> (teñen todas tenaces ou bocas)	<i>cigalas</i>	lagostinos (nome galego sempre para especies que teñen grandes tenaces ou bocas)
- <i>Penaeus</i> spp. - <i>Litopenaeus</i> spp. e outras especies (Dendobranchiata) (non teñen tenaces ou bocas)	<i>langostinos</i> ou <i>camarones</i> (nomes casteláns, usados como sinónimos para estas especies, que non teñen tenaces ou bocas)	camaróns (nome galego para especies que non teñen tenaces ou bocas)

Repárese no feito de que, en galego, establécese unha diferenza clara entre **lagostino** e **camarón**: **lagostino** está referido sempre a especies que teñen grandes tenaces ou bocas, como *Nephrops norvegicus*, e **camarón** a especies que non teñen tenaces. Porén, en castelán, os nomes *langostino* e *camarón* designan ambos os dous especies que non teñen tenaces ou bocas e poden ser usados como sinónimos. Para marcar en castelán a diferenza entre estas especies e *Nephrops norvegicus*, que si que ten características tenaces, úsase esoutra palabra: *cigala*.

En galego hai algunha excepción ao uso de **camarón** para especies que non teñen tenaces ou bocas. A máis coñecida é *Alpheus glaber*, o **camarón de bocas**. Precisamente, no seu nome xa se destaca esta característica extraordinaria nun **camarón** (estanos a indicar: normalmente os camaróns non teñen tenaces, pero esta especie si que ten e por iso se chama así).

O adxectivo preto / preta

Con frecuencia considérase que **preto** / **preta** é un adxectivo que non existe en galego (que **preto** sería o adxectivo portugués, e **negro** sería o adxectivo galego). O adxectivo **preto**, co mesmo ou moi parecido significado de **negro**, é tamén un adxectivo galego. A pesar de que se usa moi pouco, está vivo na lingua popular con este significado (por exemplo, cando en galego se fala de **san Benito Preto**, dos **feixóns pretos**, ou das persoas africanas, **os pretos de África**). En español ten a súa correspondencia con *prieto* / *prieta*. En portugués úsase **preto** con moita máis frecuencia (e tamén **negro**).

Así mesmo, o adxectivo **preto** aparece recollido na tradición lexicográfica galega (nunha chea de dicionarios, léxicos e glosarios), até con expresións feitas con este adxectivo (“andar coma un **preto** de Angola”, para nos referir a alguén que anda todo enzoufado ou cheo de lama).

Independentemente do adxectivo **preto**, en galego existe tamén o adverbio de lugar **preto** (coa variante **perto**) como sinónimo de **cerca**. No entanto, **preto** adverbio e **preto** adxectivo non se pronuncian do mesmo modo. Hai falantes que, ademais de coñeceren o adxectivo, distinguen foneticamente entre o adxectivo **preto** (con e pechado) e o adverbio **preto** (con e aberto). É dicir, para estes falantes son dúas palabras que soan de modo moi diferente e así as usan e así as describen (o adxectivo **preto** descríbeno como sinónimo de **negro**), o que demostra aínda máis a galegitude do adxectivo.

Por conseguinte, se ben é certo que non se debería abusar no uso do adxectivo **preto**, tampouco debería censurarse pois é propiamente galego.

Canto aos nomes galegos dos crustáceos presentados pola Chave, emprégase maiormente o adxectivo **negro** / **negra**, como en **caranguexo negro da pedra** (*Menippe mercenaria*), **camarón de rabo negro** (*Crangon nigricauda*) ou **caranguexo de bocas negras** (*Lophopanopeus bellus*), e tamén **preto** nun caso: **camarón preto** para o crustáceo suramericano *Macrobachium potiuna*, por quedar o nome así harmonizado coa lusofonía e achegar unha connotación de exotismo para esta especie.

Á procura do nome galego dun crustáceo neste documento

Para consultarmos axiña o nome galego dun crustáceo no que estamos interesados:

Se sabemos o seu nome científico, unha boa opción é ter o recurso léxico descargado en **formato PDF e introducir no buscador do PDF o nome latino do xénero** dese crustáceo, que é o primeiro dos dous que normalmente forman o seu nome científico. Ao clicarmos no xénero latino introducido no buscador, vaimos aparecer onde é que está ese xénero no documento, destacándoo con algún tipo de sombreado. Se estamos na listaxe específica, o nome do xénero verémolo na esquerda da fila, e ao lado, no centro da fila, veremos o seu nome en galego, con letra máis grande e azul.

Pode ser que atopemos varios crustáceos co mesmo xénero latino: daquela hai que saber **o nome latino completo, o xénero e mais a especie**, para achar o nome galego do que nos interesa.

Outra opción é se coñecemos **o nome inglés dese crustáceo**: podemos escribilo no **buscador do PDF** e vaimos ir aparecendo os nomes dos crustáceos que teñan ese nome en inglés (á beira, no centro da fila, con letra máis grande e azul, habemos atopar o seu nome en galego).

Por moitos e diversos motivos, non se inclúen **os nomes en castelán dos crustáceos**. Para sabermos cal é a correspondencia entre o nome castelán dun crustáceo e o nome galego, necesitamos coñecer **o seu nome científico**. Así, por exemplo, o crustáceo que en castelán se chama *bogavante* ten o nome científico *Homarus gammarus*; se escribimos *Homarus gammarus* no **buscador do PDF** aparécenos o lugar do documento onde se encontra ese nome científico, e á beira, no centro da fila, atopamos o seu nome en galego: **lumbrigante**.

Co **buscador do PDF** tamén podemos procurar o nome dunha **familia**. Así, por exemplo, se escribimos **Nephropidae** (ou se escribimos **Nefropídeos**), aparécenos o lugar do documento onde se encontra o nome desta familia: na **listaxe da clasificación taxonómica** (no inicio do documento) ou na **listaxe das especies** (no corpo propiamente do documento). Clicando outra vez no buscador, imos dun lugar para o outro.

Agradecemento

O equipo da Chave quiere expresar o seu **agradecemento** a **todas as persoas** que a través da sección **contacte** do sitio web envían **comentarios, suxestións, puntualizacións...** a respecto dos contidos dos recursos léxicos sobre a fauna e a flora. Todas as opinións son lidas con atención e interese. Aínda que non todas son tidas en conta, algunhas serven para puír ou enriquecer o xa publicado, e nalgún caso mesmo nos levaron a unha nova edición do documento. Moitas grazas, e animamos a todos os usuarios/as a continuar con esta retroalimentación positiva e construtiva.

Así mesmo e de maneira particular, queremos agradecer a **colaboración do Piero Perrone**, que achegou a **fotografía do queimacapas (*Pachygrapsus marmoratus*)** para a ilustración d' ***Os nomes galegos dos crustáceos***.

Subfilo: **Crustáceos** (Crustacea)

Clase: **Maxilópodes** (Maxillopoda)

Subclase: **Cirrípedes** (Cirripedia)

Orde: **Balanomorfos** (Balanomorpha)

Superfamilia: **Coronuloídeos** (Coronuloidea)

Familia: **Coronulídeos** (Coronulidae) : **arneiróns das baleas**

Familia: **Quelonibídeos** (Chelonibiidae) : **arneiróns**

Superfamilia: **Ctamaloídeos** (Chthamaloidea)

Familia: **Ctamalídeos** (Chthamalidae) : **arneiróns**

Superfamilia: **Balanoídeos** (Balanoidea)

Familia: **Arqueobalanídeos** (Archaeobalanidae) : **arneiróns (ou cracas)**

Familia: **Balanídeos** (Balanidae) : **arneiróns (ou cracas)**

Familia: **Pirgomatídeos** (Pyrgomatidae) : **arneiróns (ou cracas)**

Orde: **Kentrogónidos** (Kentrogonida)

Familia: **Saculinídeos** (Sacculinidae) : **arneiróns**

Orde: **Verrucomorfos** (Verrucomorpha)

Familia: **Verrucídeos** (Verrucidae) : **arneiróns**

Orde: **Pedunculados** (Pedunculata)

Suborde: **Escalpelomorfos** (Scalpellomorpha)

Familia: **Policipedídeos** (Pollicipedidae) : **percebes**

Suborde: **Lepadomorfos** (Lepadomorpha)

Familia: **Lepadídeos** (Lepadidae) : **percebes**

Subclase: **Branquiúros** (Branchiura)

Orde: **Arguloides** (Arguloida)

Familia: **Argulídeos** (Argulidae) : **argulos (ou papulos)**

Clase: **Branquiópodes** (Branchiopoda)

Orde: **Notostráceos** (Notostraca)

Familia: **Triopsídeos** (Triopsidae) : **camaróns cágado**

Orde: **Cladóceros** (Cladocera)

Familia: **Dafnídeos** (Daphniidae) : **dafnias**

Clase: **Hexanauplios** (Hexanauplia)

Subclase: **Copépodes** (Copepoda)

Orde: **Ciclópodes** (Cyclopoida)

Familia: **Ciclopídeos** (Cyclopidae) : **ciclopes**

Orde: **Sifonostomatoides** (Siphonostomatoida)

Familia: **Calixídeos** (Caligidae) : **piollos dos peixes (ou papulos)**

Clase: Malacostracos (Malacostraca)

Orde: Isópodes (Isopoda)

- Familia: Cimotoídeos (Cymothoidae) : piollos do mar
- Familia: Lixídeos (Ligiidae) : paponas (ou piollos da terra)
- Familia: Aselídeos (Asellidae) : aselos
- Familia: Filoscídeos (Philosciidae) : bichos de conta
- Familia: Triconiscídeos (Trichoniscidae) : bichos de conta
- Familia: Porcelionídeos (Porcellionidae) : porquiños de santo Antón
- Familia: Oniscídeos (Oniscidae) : porquiños de santo Antón
- Familia: Armadilidídeos (Armadillidiidae) : tatuciños

Orde: Anfípodes (Amphipoda)

- Familia: Gamarídeos (Gammaridae) : pulgas da auga
- Familia: Corofídeos (Corophiidae) : pulgas da auga
- Familia: Talitrídeos (Talitridae) : saltóns da area

Orde: Estomatópodes (Stomatopoda)

- Familia: Esquilídeos (Squillidae) : esquilas

Orde: Eufausiáceos (Euphausiacea)

- Familia: Eufausídeos (Euphausiidae) : krills
- Familia: Benteufausídeos (Bentheuphausiidae) : krill de fondura

Orde: **Decápodes** (Decapoda)

Superfamilia: **Atioídeos** (Atyoidea)

Familia: **Atiídeos** (Atyidae) : camaróns, camaronciños

Superfamilia: **Alfeoídeos** (Alpheoidea)

Familia: **Alfeídeos** (Alpheidae) : camaróns de bocas

Familia: **Lismatídeos** (Lysmatidae) : camaróns, camaróns limpadores

Superfamilia: **Pandalóídeos** (Pandaloidea)

Familia: **Pandalídeos** (Pandalidae) : camaróns, camaróns nailon

Superfamilia: **Procesoídeos** (Processioidea)

Familia: **Procesídeos** (Processidae) : camaróns

Superfamilia: **Palemonoídeos** (Palaemonoidea)

Familia: **Palemonídeos** (Palaemonidae) : camaróns

Superfamilia: **Nematocarcinoídeos** (Nematocarcinoidea)

Familia: **Nematocarcinídeos** (Nematocarcinidae) : camaróns

Familia: **Rincocinetídeos** (Rhynchocinetidae) : camaróns

Superfamilia: **Serxestoídeos** (Sergestoidea)

Familia: **Serxestídeos** (Sergestidae) : camaróns

Superfamilia: **Estenopodoídeos** (Stenopodoidea)

Familia: **Estenopodídeos** (Stenopodidae) : camaróns do coral

Superfamilia: **Pasifeoídeos** (Pasiphaeoidea)

Familia: **Pasifeídeos** (Pasiphaeidae) : camaróns cristal, camarón canguro

Superfamilia: **Peneoídeos** (Penaeoidea)

Familia: **Peneídeos** (Penaeidae) : gambas, camaróns

Familia: **Sicionídeos** (Sicyoniidae) : camaróns da pedra

Familia: **Aristeídeos** (Aristeidae) : carabineiro, gambas

Familia: **Solenocerídeos** (Solenoceridae) : gambóns, camaróns

Superfamilia: **Nefropoídeos** (Nephropoidea)

Familia: **Nefropídeos** (Nephropidae) : lumbrigantes, lagostinos

Superfamilia: **Palinuroídeos** (Palinuroidea)

Familia: **Palinurídeos** (Palinuridae) : lagostas

Familia: **Sinaxídeos** (Synaxidae) : lagostas peludas

Familia: **Escilarídeos** (Scyllaridae) : santiaguíños

Superfamilia: **Tricodactiloídeos** (Trichodactyloidea)

Familia: **Tricodactilídeos** (Trichodactylidae) : caranguexos de río

Superfamilia: **Potamoídeos** (Potamoidea)

Familia: **Potamídeos** (Potamidae) : caranguexos de río

Superfamilia: **Astacoídeos** (Astacoidea)

Familia: **Astacídeos** (Astacidae) : caranguexos de río

Familia: **Cambarídeos** (Cambaridae) : caranguexos de río

Superfamilia: **Cancroídeos** (Cancroidea)

Familia: **Ateleciclídeos** (Atelecyclidae) : dormiñóns

Familia: **Cancrídeos** (Cancridae) : bois

Superfamilia: **Calapoídeos** (Calappoidea)

Familia: **Calapídeos** (Calappidae) : gaivas

Superfamilia: **Dromioídeos** (Dromioidea)

Familia: **Dromídeos** (Dromiidae) : zapateiros

Superfamilia: **Erifioídeos** (Eriphioidea)

Familia: **Menipídeos** (Menippidae) : caranguexos

Superfamilia: **Portunoídeos** (Portunoidea) : caranguexos nadadores

Familia: **Portunídeos** (Portunidae) : caranguexos, caranguexos azuis

Familia: **Carcinídeos** (Carcinidae) : caranguexos

Familia: **Xerionídeos** (Geryonidae) : xerións (ou caranguexos de fondura)

Familia: **Polibídeos** (Polybiidae) : patexo, nécora, navalleiras

Familia: **Pirimelídeos** (Pirimelidae) : pirimela

Familia: **Tídeos** (Thiidae) : escachapiollos

Superfamilia: **Xantoídeos** (Xanthoidea)

Familia: **Xantídeos** (Xanthidae) : caranguexos

Familia: **Panopeídeos** (Panopeidae) : caranguexos da lama

Superfamilia: **Goneplacoídeos** (Goneplacoidea)

Familia: **Goneplacídeos** (Goneplacidae) : **caranguexos**

Superfamilia: **Coristoídeos** (Corystoidea)

Familia: **Coristédeos** (Corystidae) : **caranguexos**

Superfamilia: **Hipoídeos** (Hippoidea)

Familia: **Hipídeos** (Hippidae) : **tatuís**

Superfamilia: **Ocipodoídeos** (Ocyphodoidea)

Familia: **Ocipodídeos** (Ocyphodidae) : **guaruzás (ou caranguexos fantasma), bocas (ou caranguexos violinistas)**

Superfamilia: **Himenosomatoídeos** (Hymenosomatoidea)

Familia: **Himenosomatídeos** (Hymenosomatidae) : **caranguexos miúdos**

Superfamilia: **Grapsoídeos** (Grapsoidea)

Familia: **Xecarcinídeos** (Gecarcinidae) : **caranguexos, guaiamús**

Familia: **Varunídeos** (Varunidae) : **caranguexos**

Familia: **Grapsídeos** (Grapsidae) : **caranguexos, queimacasas**

Familia: **Sesarmídeos** (Sesarmidae) : **caranguexos dos manguizais**

Superfamilia: **Erifioídeos** (Eriphioidea)

Familia: **Erífideos** (Eriphiidae) : **crangas (ou caranguexos peludos)**

Superfamilia: **Xecarcinucoídeos** (Gecarcinucoidea)

Familia: **Xecarcinucídeos** (Gecarcinucidae) : **caranguexos**

Superfamilia: **Etroídeos** (Aethroidea)

Familia: **Etrídeos** (Aethridae) : **caranguexos**

Superfamilia: **Pilumnoídeos** (Pilumnoidea)

Familia: **Pilumnídeos** (Pilumnidae) : **caranguexiños**

Superfamilia: **Pinnoteroídeos** (Pinnotheroidea)

Familia: **Pinnoterídeos** (Pinnotheridae) : **caranguexiños**

Superfamilia: **Paguroídeos** (Paguroidea)

Familia: **Cenobitídeos** (Coenobitidae) : **ermitáns terrestres (ou caranguexos ermitáns terrestres)**

Familia: **Pagurídeos** (Paguridae) : **ermitáns (ou caranguexos ermitáns)**

Familia: **Dioxenídeos** (Diogenidae) : **ermitáns (ou caranguexos ermitáns)**

Superfamilia: **Litodoídeos** (Lithodoidea)

Familia: **Litodídeos** (Lithodidae) : **cempernas, caranguexo rinoceronte**

Superfamilia: **Homoloídeos** (Homoloidea)

Familia: **Homolídeos** (Homolidae) : **cempernas**

Familia: **Galateídeos** (Galatheidae) : **galateas (ou arañas)**

Familia: **Munidopsídeos** (Munidopsidae) : **carochas**

Familia: **Munidídeos** (Munididae) : **carochas**

Familia: **Porcelanídeos** (Porcellanidae) : **caranguexos de porcelana**

Superfamilia: Maxoídeos (Majoidea)

Familia: **Oregonídeos (Oregoniidae)** : arañas do mar (ou caranguexos araña), caranguexo das neves, caranguexo de Baird

Familia: **Inaquídeos (Inachidae)** : arañas do mar (ou caranguexos araña)

Familia: **Epialtídeos (Epialtidae)** : arañas do mar (ou caranguexos araña)

Familia: **Maxídeos (Majidae)** : centolas

Subfilo: Crustáceos (Crustacea)

Clase: Maxilópodes (Maxillopoda)

Subclase: Cirrípedes (Cirripedia)

especie galega

Orde: Balanomorfos (Balanomorpha)

Superfamilia: Coronuloídeos (Coronuloidea)

Familia: Coronulídeos (Coronulidae) : arneiróns das baleas		
<i>Coronula diadema</i>	arneirón do xibardo	humpback whale barnacle
<i>Cryptolepas rhachianecti</i>	arneirón da balea cincenta	gray whale barnacle

Familia: Quelonibídeos (Chelonibiidae) : arneiróns		
<i>Chelonibia testudinaria</i>	arneirón das tartarugas	sea turtle barnacle

Superfamilia: Ctamaloídeos (Chthamaloidea)

Familia: Ctamalídeos (Chthamalidae) : arneiróns		
<i>Chthamalus antennatus</i>	arneirón de seis placas	six-plated barnacle
<i>Chthamalus fragile</i>	arneirón fráxil	
<i>Chthamalus montagui</i>	arneirón de Montagu	Montagu's stellate barnacle
